Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural. Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.
Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais.
Composición da materia. Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica. Valoración das aplicacións dos elementos e compostos químicos de maior relevancia e utilidade social, ou relacionados
Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.
Análise dos tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais, para os relacionar coas súas causas e coas súas consecuencias.
Reaccións químicas. Interpretación das reaccións químicas a nivel macroscópico e microscópico. Aplicación da lei de conservación da masa. Análise dos factores que afectan á velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa.
Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Estudamos a enerxía eléctrica	17

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Caracteriza e explica fenómenos e aplicacións relacionados coa enerxía eléctrica, e valora o seu uso responsable	SI
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Identifícanse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas
CA8.1.1 Identifícanse diferentes tipos de Enerxía e as súas propiedades
CA8.2 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA8.3 Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA8.4 Comprobase a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado
CA8.5 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica
CA10.1 Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias
CA10.2 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión
CA10.3 Emprendéronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade

4.8.e) Contidos

Contidos
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.
Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos.
Diferentes tipos de enerxía e as súas propiedades
Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos simples. Obtención experimental de magnitudes e relación entre elas. Medidas de seguridade e prevención.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Como somos? e Como nos debemos coidar?	32

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Analiza a anatomía e a fisioloxía do corpo humano, recoñecendo a importancia de adoptar hábitos saudables para a prevención de doenzas	SI
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Recoñecéronse e identificáronse órganos, aparellos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais, explicando os procesos fundamentais que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia
CA9.2 Recoñeceuse o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres, respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras
CA9.3 Avaliáronse os efectos de determinadas acción individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de doenzas
CA9.4 Identifícanse as drogas legais e ilegais considerándoas como causa de prexuízo non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna
CA9.5 Analizouse a función do sistema inmune na prevención e na superación das doenzas, concienciouse sobre o uso responsable de antibióticos e valorouse a importancia das vacinas e dos transplantes na sociedade
CA9.6 Recoñeceuse a información con base científica en relación coa saúde e as doenzas, distinguíndoa das pseudociencias, das falacias, das teorías conspiratorias e das crenzas infundadas, e mantendo unha actitude escéptica ante estes
CA10.1 Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias
CA10.2 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión
CA10.3 Emprendéronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade

4.9.e) Contidos

Contidos
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia. Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe. Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural. Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional. A función de nutrición. Os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor: anatomía, fisioloxía e relación entre eles. Análise xeral da función de nutrición e a súa importancia. A función de relación. Receptores sensoriais. Centros de coordinación: sistema nervioso e sistema endócrino. Órganos efectores. Análise xeral da función de relación e a súa importancia. A función de reprodución. Aparello reprodutor: anatomía e fisioloxía. Análise xeral da función de reprodución e a súa importancia. Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. Prevención das infeccións de transmisión sexual. Educación afectivo-sexual desde a igualdade e o respecto á diversidade sexual. Saúde e doenzas. Hábitos saudables (prevención do consumo de drogas legais e ilegais, postura adecuada, dieta equilibrada, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos, autorregulación emocional, exercicio físico e hixiene do sono). Sistema inmune: funcionamento e importancia. Doenzas infecciosas. Prevención, superación e tratamentos. Uso responsable de antibióticos. Transplantes: Importancia da doazón de órganos.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Somos un equipo!	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA10.1 Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias
CA10.2 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión
CA10.3 Empezáronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade

4.10.e) Contidos

Contidos
<p>Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.</p> <p>Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.</p> <p>Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.</p> <p>Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.</p> <p>Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos esixibles serán os que permitan acadar os obxectivos mínimos esixibles xa establecidos nas UDD. Os mínimos esixibles poderán sufrir modificacións dependendo do curso académico e das necesidades do alumnado.

A avaliación será continua, perdendo este dereito cando o/a alumno/a supere o número de faltas de asistencia indicado, para tal efecto, na normativa específica da Formación Profesional coa que se rixe o IES Campo de San Alberto. Cando o/a alumno/a supere dito límite, que no momento actual está fixado en 21 faltas inxustificadas, perderá o dereito a avaliación continua.

A cualificación dos/as alumnos/as obterase a partir da información recollida dos distintos instrumentos de avaliación, do seguinte xeito:

- Un 40 % da nota corresponderá á media da valoración das probas escritas(PE). A puntuación máxima outorgada en cada proba será de 10 puntos.
- Un 60 % da nota corresponderá á valoración do seguimento diario(SD).

Relativo ás probas escritas(PE):

Durante o curso regular farase un mínimo dunha proba escrita por avaliación, sendo aconsellable facer dúas ou máis, dadas as características do alumnado. No caso de varias probas escritas, a media aritmética dos resultados contribuirá ao 40% da nota relativo a PE.

En canto ao seguimento diario (SD):

O procedementos será o seguinte:

- Observación directa (OD) do traballo diario na aula, interese pola materia e traballo tanto en equipo como individual: 10%
- Caderno de aula (C): presentación, orde, limpeza, tarefas e apuntamentos completos: 20%.
- Proxectos (P): a media do traballo realizado no proxecto e o produto final acadado, contribuirá con outro 30%.

En resumo a nota de cada avaliación calcularase do seguinte xeito: $(0,4 \times PE) + (0,1 \times OD) + (0,20 \times C) + (0,3 \times P)$

Así mesmo, farase un mínimo dunha proba de recuperación por cada avaliación, ou ben un exame final que integre as recuperacións das tres avaliacións, puntuando por separado cada unha delas. Se un alumno non se presenta a unha proba entón adxudicaráselle unha cualificación nula, excepto no caso de presentar unha xustificación médica ou de deber inexcusable, en cuxo caso o profesor decidirá entre facerlle o exame noutra data ou adxudicarlle unha cualificación en función dos rexistros de seguimento diario que dispón do alumno ata ese momento.

Os cálculos de tódalas medias referidas nestes criterios faranse cunha aproximación de dúas cifras decimais. Pola contra, na lexislación vixente consta que o alumnado debe recibir unha cualificación enteira entre 1 e 10. Xa que logo, a nota que constará en calquera acta oficial (e polo tanto, no boletín de cualificacións) será sempre a aproximación enteira por redondeo da correspondente cualificación.

Nota final de xuño: A nota final de xuño será a media aritmética das notas definitivas das tres avaliacións.

En casos debidamente xustificados (como por exemplo un desequilibrio considerable nas datas de avaliación, ou máis carga lectiva nalgúns avaliacións que noutras), o profesor poderá establecer unha ponderación distinta entre as tres avaliacións. De ser así, as ponderacións deben ser establecidas e comunicadas ao alumnado antes da realización do último exame da 3ª avaliación.

Nota final convocatoria extraordinaria.

Se a nota final de xuño resulta inferior a 5, o alumno ou alumna deberá presentarse ós exames de convocatoria extraordinaria, que serán elaborados en base aos contidos mínimos. Dado o seu carácter extraordinario, non será emitida ningunha nota de seguimento diario (SD), considerando como nota da convocatoria extraordinaria, a cualificación obtida neste exame extraordinario.

No suposto de que o alumno ou alumna non se presente ao exame extraordinario de xuño, a nota será Non Presetado/a (NP) ou a mínima que permita introducir o Sistema informático XADE (ou outro que o puidera substituir).

Criterios de Corrección

En tódolos exames, o profesorado fará constar os criterios de corrección que se van utilizar, incluíndo cando menos, a puntuación de cada unha das preguntas. De non ser así, enténdese que tódalas preguntas puntúan o mesmo.

Dependendo do tipo de exame e do nivel no que se faga, o profesorado poderá valorar a presentación do exame (orde, ortografía, claridade, organización, limpeza...), outorgando por este concepto un máximo do 5% da puntuación total do exame. Esta puntuación debe facerse constar no resumo dos criterios de corrección especificados no anterior epígrafe; En caso contrario, suporase que non será tida en conta. Para acadar unha boa puntuación neste apartado de presentación hai que atender ás seguintes recomendacións:

No encabezado de todas as páxinas do exame deben figurar os apelidos e nome do alumno e no pé de páxina, a súa numeración.

Non é necesario responder as preguntas seguindo a súa orde numérica, pero sempre debe quedar claro cal é o exercicio e apartado que se está a contestar.

Non se debe responder en máis dun lugar á mesma pregunta. Nese caso, só se valorará a primeira aparición da mesma.

Preferentemente debes escribir con bolígrafo de cor azul ou negro. Non se terán en conta as respostas escritas con lapis.

En canto a corrección concreta de cada unha das preguntas, valoraranse fundamentalmente os coñecementos prácticos.

Aínda que a resposta a unha pregunta non sexa a correcta, outorgaráselle unha valoración parcial en consideración co grao de consecución correcto acadado, se é que procede.

Se nalgunha resposta se detecta un erro grave de base, impropio do nivel correspondente, a valoración da resposta pode ser nula.

No desenvolvemento das respostas, teranse en conta os seguintes aspectos:

a) A coherencia ordenada e razoada da exposición de resposta.

b) A claridade da exposición.

c) A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.

d) A facilidade e precisión na realización do cálculo.

Se no desenvolvemento dunha resposta, por un erro nos cálculos, o alumno ou alumna obtén unha solución absurda, valorarase positivamente que faga constar o absurdo de tal resultado.

A ausencia de explicación na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, podendo ter unha puntuación nula se só aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningún razoamento que xustifique a obtención do resultado.

Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución de problemas con representacións gráficas, posto que se valorará a corrección e detalle das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.

Durante a realización do exame, o alumnado só debe dispor do material que permita expresamente o profesor, estando totalmente prohibido o uso de aparatos electrónicos (deben ser depositados na porta de entrada). En caso contrario de non cumprir as normas o alumno ou alumna perderá o dereito a realización do exame que lle será retirado polo profesor, será expulsado da aula e recibirá a cualificación mínima.

Se un exercicio está resolto varias veces cualificarase sempre o que o/a alumno/a realizou en primeiro lugar.

Se se detecta que un alumno ou alumna copiou nun exame será cualificado cun 0 no mesmo.

Se un alumno non se presenta a unha proba entón adxudicaráselle unha cualificación nula, excepto no caso de presentar unha xustificación médica ou de deber inexcusable, en cuxo caso o profesor decidirá entre facerlle o exame noutra data ou adxudicarlle unha cualificación en función dos rexistros de seguimento diario que dispón do alumno ata ese momento.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Referente ás avaliacións non superadas:

1ª e 2ª avaliación: Para a recuperación dos/das alumnos/as que non superen a 1ª ou 2ª avaliación, o profesor ou profesora levará a cabo, se o considera oportuno, unha proba para as respectivas avaliacións.

Os alumnos e alumnas serán avisados da data da proba cunha antelación mínima de 5 días lectivos. Se o profesor o considera máis apropiado podería decidir face-la recuperación da 1ª e 2ª avaliación ó final do curso, xusto antes do peche de actas da 3ª avaliación.

3ª avaliación: Para recuperar a 3ª avaliación o alumno ou alumna será avisado cunha antelación mínima de 1 día lectivos, para realizar dita proba, que terá lugar se o profesor ou profesora considera oportuno facela, e que terá lugar sempre antes do peche de actas da propia 3ª avaliación. É dicir a recuperación da 3ª avaliación realíse antes da sinatura de actas e peche da mesma a diferenza da 1ª e 2ª, que se realizan a posteriori.

Referente á nota das avaliacións non superadas

O alumnado que ten suspensa unha avaliación (nota da avaliación inferior a 5) ten a obriga de presentarse á correspondente proba de recuperación. Nese caso, a nota definitiva da avaliación será a nota acadada nesta proba escrita de recuperación.

Referente á recuperación final.

Os/as alumnas realizarán unha proba escrita que constará de tres partes, unha por cada avaliación. Cada alumno/a realizará unicamente a/s proba/s correspondente/s á/ás avaliacións que teña pendente.

Esta proba será puntuada de 0 a 10, independentemente das partes que faga o alumno ou alumna. As notas das avaliacións pasan a ser as acadadas nesta proba escrita de recuperación final.

Polo que, para calcular a nota definitiva do módulo, calcularáse a media aritmética entre as notas das 3 avaliacións.

Neste punto hai que falar dos alumnos de 2º curso co módulo de ciencias aplicadas de 1º curso suspenso:

Para estes alumnos o departamento fixará unha data de examen en cada unha das avaliacións para ir recuperando a asignatura dunha forma máis sinxela.

Ao mesmo tempo, en cada avaliación, poderá daráselle ao alumnado nestas condicións unhas fichas dos contidos a examinar que deberá ir entregando para posibles dúbidas ao profesor.

A cualificación dos alumnos obtérase a partir da información recollida dos distintos instrumentos de avaliación, do seguinte xeito:

- O 80% da nota corresponderá a nota do examen de cada avaliación.

- O 20% da nota corresponderá a entrega puntual das fichas/exercicios entregadas polo profesor. Neste punto o profesor ou profesora poderá facer as preguntas orais que considere oportunas para verificar a autoría/participación do alumno ou alumna na realización das fichas/exercicios entregados. No caso de percibir de que o alumno ou alumna entrega fichas/exercicios pero que non os fai él/ela, o profesor poderá facer algunha pequena proba escrita con exercicios semellantes.

Para superar o módulo deberán aprobar as tres avaliacións.

No caso de non ser así, o alumno poderá ir a un examen final no que están incluídos tódolos contidos.

Comunicarase a data desta proba con antelación mediante unha comunicación escrita que se colocará no panel informativo reservado para o alumnado no centro.

Recuperación convocatoria extraordinaria xuño.

Consistirá nunha única proba escrita que terá contidos de todo o curso. A proba escrita será puntuada entre 0 e 10, e o número que se obteña por truncamento de dita nota, será a nota da convocatoria extraordinaria de xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de dereito a avaliación continua, terá que realizar unha proba escrita na que estarán incluídos todos os contidos do curso.

Comunicarase a data desta proba con antelación mediante unha comunicación escrita, que se colocará no panel informativo reservado para o alumnado no centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente e de acordo co proceso de mellorar a calidade do centro, informarase nas reunións do equipo docente dos motivos polos que non se cumpra o previsto na programación así como as medidas a adoptar para a súa adecuación á mesma.

Indicarase as actividades realizadas e, especialmente nas avaliacións (data e instrumento empregado).

O seguimento de avaliación docente farase de acordo co proceso de actividades de aula, mediante a enquisa de satisfacción do labor docente, onde se indica a satisfacción por módulos e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias nas reunións do equipodocente de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial versará sobre aqueles coñecementos que se considera que o alumno debería ter adquiridos segundo o nivel de estudos no que está matriculado e que teñan efectos directos sobre o desenvolvemento do módulo para a consecución dos obxectivos.

Haberá unha ó inicio de curso e no comezo de cada unidade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aqueles alumnos, que por motivos diversos, non acaden os obxectivos mínimos fixados durante cada un dos trimestres, terán a opción de realizar exercicios de reforzo.

O profesorado resolverá as dúbidas que o alumno poida ter. Para iso o profesor informará ós alumnos das horas nas que poden consultar.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Neste módulo trátanse os seguintes temas transversais:

- Educación para a saúde: en varios temas aparecen referencias sobre as normas de seguridade e hixiene no traballo, así como un tema específico con respecto á saúde.
- Educación non sexista: a educación para a igualdade entre os homes e mulleres maniféstase de forma xeral durante o desenvolvemento do módulo a través dun reparto non discriminatorio dos diferentes tipos de tarefas e roles que se desempeñen no módulo.
- Educación para a convivencia: A educación moral e cívica atopa espazos de tratamento nas tarefas relacionadas con exposicións, respecto ás ideas entre os distintos membros do grupo/clase, responsabilidade mediante tarefas cooperativas e satisfacción polo traballo ben feito
- Educación sostible e coidado do noso entorno.

Terase en conta sempre o carácter transversal dos contidos a traballar no módulo, promovendo un alumnado activo e participativo dentro da comunidade educativa. Polo que, se tentará que participen e colaboren cos proxectos transversais e interdisciplinares que se desenvolven ao longo do curso no centro educativo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Son as indicadas na programación de actividades do departamento.

Dentro do plan de visitas a empresas e/ou instalacións e visitas a feiras do ramo (propostas e aceptadas polo Departamento) incluídas nos obxectivos xerais do ciclo, os alumnos terán a ocasión de facelas observacións oportunas, e tomar notas de todo o que nelas observen e consideren de interese, tendo sempre en conta as cuestións referentes a seguridade, calidade, situación de elementos, etc., xa que de cada visita que se realice, o alumno terá que facer o correspondente informe, que incluírá, entre outras cousas, unha crítica técnica do observado. Tódolos informes debateranse na clase e logo pasarán a formar parte do dossier de traballos de cada alumno.

10. Outros apartados

10.1) PERDA DEREITO A EVALUACIÓN CONTÍNUA

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro

Para a xustificación das faltas teranse en conta as seguintes circunstancias:

***Faltas xustificables:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, polo tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Enfermidade ou indisposición sendo xustificable o tempo de prescrición médica.
- e) Asistencia a folgas legalmente convocadas.



***Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado:

A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor acompañando, segundo proceda:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
2. Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo grao.
3. Calquera outro documento acreditativo que xustifique a ausencia.

Dende Titoría enviarase un apercibimento ao alumno ou alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6 % da súa duración total. Nel indicase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicase a perda do dereito á avaliación continua.

Indicar, tamén, que o alumnado que non asista clase por ter un contrato laboral, de inicio perderán igual o dereito á avaliación continua e, posteriormente, analizarase cada caso individualmente.